

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 2 DE OUTUBRO DE 2014**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 2 de outubro de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez

Non asisten D. Aurentino Alonso Araújo, D. Moisés Blanco Paradelo e D. Vítor Manuel Sierra Nieves cuxas ausencias son desculpadas polo alcalde.

Interveu como secretario accidental D. José De Lis Santos-Ascarza. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Unha vez declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, o alcalde concede o uso da palabra ao concelleiro sr Moldes Gómez quen quere poñer de manifesto a repulsa polo atentado de onte na casa do Concello de Baralla. Di o Alcalde que o voceiro do Partido Socialista ía a manifestar nesa mesma liña polo que conste en acta por unanimidade o rexeitamento da Corporación ao atentado ocorrido onte no Concello de Baralla. De seguido procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 4 de setembro de 2014.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 4 de setembro de 2014 e non formulándose ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos catorce concelleiros asistentes na sesión.

**2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de axuda no fogar.**

Fai uso da palabra a concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Xuventude sra. Álvarez Diéguez, que di que esta modificación que se vai tratar neste punto ditaminouse na Comisión de Facenda de data 26 de setembro de 2014 e trátase de adaptar a taxa fiscal polo servizo de axuda no fogar ás esixencias previstas no Decreto promulgado pola Xunta de Galicia sobre o tema. Di a concelleira que se modifica o artigo 9, reducindo os diferentes tramos que figuraban na antiga ordenanza sobre capacidade económica dos usuarios do servizo, que tamén ao artigo 8 engadiríanse os novos servizos previstos na Lei de Dependencia, como fisioterapia, podoloxía ou acompañamento, e xa por último, no artigo 7 suprimiríase o proposto por este Concello de que o pago da vivenda de aluguer descontaríase ao establecer a capacidade económica, pero que a Xunta considerou que non se podía suprimir.

Di o sr Alcalde que quere que quede claro e que conste en acta para cando se redacte o acordo, que houbo un erro na táboa que ven no ditame ao facela no excell, dando de seguido explicacións sobre como queda definitivamente dita táboa e que é a mesma táboa que consta no expediente no informe da traballadora social.

Fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal do PP, sr Moldes Gómez, que di que o seu Grupo vai a votar a favor da modificación proposta, aínda que na Comisión de Facenda abstivéranse.

Rematado o debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar provisionalmente as modificacións seguintes na ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS:**

**1ª Artigo 7: suprímese o seguinte texto: “Descontaranse os gastos de alugueiro da vivenda habitual.”**

**2ª Artigo 8: engádese o seguinte punto: “5 Táboa de copagamento das atencións e servizos complementarios das persoas usurarias de dependencia :**

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

**3ª Artigo 9: dáse nova redacción a táboa do apartado 1 do artigo 9 que queda redactada como segue:**

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0.80 IPREM	0%
Maior de 0.80 e menor ou igual a 1.50 IPREM	10%
Maior de 1.50 e menor ou igual a 2 IPREM	20%
Maior de 2,00 e menor ou igual a 2.50 IPREM	50%
Maior de 2.50 IPREM;	80%

**Segundo: expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións**

que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da modificación da ordenanza será publicado no BOP de Ourense, sen que entre en vigor ata que se teña realizada dita publicación.

### **3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á bonificación no ICIO solicitada por D. Pedro Núñez Moldes.**

O sr Alcalde da conta do ditame de 26 de setembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de fachada no Castro, cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

### **4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á bonificación no ICIO solicitada por Dona María Isabel Roca Nogueira.**

O sr Alcalde da conta do ditame de 26 de setembro de 2014 adoptado por unanimidade e di que se trata da realización de obras menores na rúa San Roque cunha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**5º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Grupo Municipal do P.P. relativa a “control e revisión das farolas do concello e eliminación dos cadros eléctricos das árbores”.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr. Crespo Díaz dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“Sabido é por esta corporación a insistencia por parte do grupo municipal do Partido Popular para que se efectúe a retirada dos cadros eléctricos colocados en determinadas árbores dos xardíns barquenses, así como o cableado existente nalgúns dos ditos árbores; o que chamamos “árbores como postes eléctricos”, no Malecón, praza Andrés de Prada, etc. Non é a primeira vez que nas comisións pediuse a súa retirada; confirmándose que a día de hoxe non se fixo nada.

De igual modo constátase a existencia de farolas de alumeado público en mal ou deficiente estado, farolas inclinadas, ben por ter levado algún golpe de algún vehículo, ben por gamberrismo, ou por fallar ou ceder o seu basamento.

Desde o Grupo Popular queremos recalcar o perigo en potencia de tales situacións e insistir unha vez máis na necesidade de que se corrixa nitas deficiencias para evitar indesexables accidentes. Os acontecementos destes últimos tempos con tráxicos finais reafírmanos na nosa petición e confirman a importancia do mantemento destas instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** O Concello de O Barco elaborará un informe co estado de todas as farolas existentes no término municipal para, no seu caso, reparalas ou reemplazalas a maior brevedade.

**Segundo.-** O Concello de O Barco eliminará de xeito inmediato todos os cadros eléctricos e cables tendidos entre as ramas das árbores, así como aqueles que están preto dos parques infantís ou paseos, podendo ser manipulados por calquera persoa.”

Fai uso da palabra o voceiro do Partido Socialista, sr Ojea Arias, que di que estase ante unha moción que ao seu grupo lle parece rara por estar fora do senso no que solen ser todas as mocións, que cree que se trataría dunha pseudomoción que se englobaría nun rogo ou nunha pregunta. Di que neste

Concello hai dous empregados públicos responsables da xestión eléctrica e traballan corenta horas semanais encargándose de todos eses traballos día a día que son a súa obriga, sen estar esperando a que o concelleiro ou o alcalde lles diga o traballo que teñen que facer. Di o concelleiro que ese traballo que se pide estase a facer dun xeito normal e continuo, pois por exemplo no derradeiro ano en Viloira fíxose un cambio de cadro, en Soulecín un cadro máis un tendido completo, en Vilanova un cadro novo, en Millarouso, Raxoá e en Xagoaza un cableado novo, ademais de traballos no Malecón, en Conde Fenosa ou na Praza Maior, etc., polo que non se lle pode dicir aos empregados públicos o que teñen que facer ou revisar, pois pensa que o están a facer ben. Di o voceiro que quere recordar que neste Concello hai preto de 5.000 farolas e case 70 cadros, polo que é moi difícil chegar a todos os puntos aínda que non se deixa ningún por revisar. Di o sr Ojea que na Moción fálase dos cadros que están nas árbores e suponse que se falará máis da imaxe que da seguridade, pois como se sabe hai materiais condutores e materiais illantes e a madeira é o mellor illante que hai, polo que ó estar os cadros nas árbores están seguros. Sinala o sr concelleiro que o cadro do que fala o PP en moitas ocasións, o que está na desembocadura da rúa Abdón Blanco, non é un cadro municipal senón que é de Fenosa, e tamén quere comentar que cando se celebran as festas hai moitas actividades e necesítase luz polo que aos empregados elle máis fácil suxeitar o cadro nunha árbore que no chan. Di o concelleiro que lle chama a atención o oportunismo da Moción pois pode ser unha casualidade que se presentara a Moción e entrara un escrito da Xunta, asinado por unha persoa que ía na lista do PP nas últimas eleccións, reafirmando todo o contido da Moción, que como di, pode ser unha casualidade pero que choca..... Remata dicindo o sr Ojea Arias que estase traballando nese control e revisión do que se fala na Moción, pois é a obriga dos empregados públicos e se hai algunha novidade pois informarase na Comisión de Obras, e que por todo o dito o voto do seu Grupo vai ser negativo.

Di o sr Crespo Díaz que en ningún momento se fala de empregados públicos nin dos encargados do servizo eléctrico do Concello, e que tampouco se trata de dicir o número exacto de farolas que poden estar ben ou mal, pois se foran moitas non se estaría a falar nunha moción pois sería un caso máis grave, que con que haxa unha que estivera mal pois podería crear un problema. Di o concelleiro que non só se refiren a ese problema senón que se hai deixadez ou falta de mantemento pois non só traen problemas senón que poden traer gastos innecesarios para o Concello, ou poden levar a inventar xustificacións ou escusas como pasou coas farolas do Paseo Bienvenido Miguélez pois agora se di que están retiradas para o aforro enerxético e levan aforrando electricidade durante dous anos porque

non funcionaban. Di o sr Crespo que con respecto aos cadros nas árbores, agradece á lista de reparacións que se fixeron, que a maioría non as coñecía, pero que si que é certo que degradan a paisaxe e afectan ás árbores e que quere pensar que evidentemente non teñen corrente pois sábese que non deben de tela.

Di o sr Ojea Arias que quedou a cousa ben clara pero que quere contar unha anécdota e é que o seu avó viña subido a súa cabalería e pasando por unha casa había un regueiro de auga e pisou alí a cabalería e morreu e o seu avó salvouse, e que cando veu a reclamar contestáronlle que foi por causas de “*forza maior*”, palabras textuais.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da proposición presentada co resultado de que, por oito votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e seis votos a favor (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello non aproba a proposición presentada.

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1 Mocións urxentes**

Di o sr. Alcalde que neste punto ven a aprobación inicial da modificación da ordenanza municipal do Servizo de Axuda no Fogar do Concello do Barco de Valdeorras, porque o expediente xa estaba na Secretaría o luns cando se convocou o Pleno pero que faltaban no ditame as sinaturas da concelleira delegada e da secretaria da Comisión, que non se atopaban no Concello ese día, polo que o Secretario entendeu que non se podía incluír na Orde do día e por iso vai neste punto.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos catorce concelleiros asistentes.

### **Modificación ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras.**

Fai uso da palabra a concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Xuventude sra. Álvarez Diéguez, que di que estase na mesma situación que no punto número 2 da Orde do día, que é para darlle cumprimento ó Decreto promulgado pola Xunta, explicando a continuación as modificacións

propostas: na exposición de motivos introdúcese un novo parágrafo entre o 6º e o 7º; no artigo 4, actividades a realizar polo Servizo de Axuda no Fogar; no artigo 11, requisitos dos profesionais técnicos e dos de atención directa; no artigo 13, programa de atención individual ao usuario; no artigo 15, capacidade económica do usuario, e nos artigos 17 e 22 a condicións que se establecen para o pago do usuario das horas establecidas no servizo.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**1º Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello do Barco de Valdeorras, de acordo co seguinte:**

**1. Na exposición de motivos introdúcese entre o 6º e 7º parágrafo o seguinte parágrafo:**

“O decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, dálle unha nova redacción aos artigos 14.2, 59 e 61 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se fai necesario adaptar a normativa municipal existente en materia de axuda no fogar ao establecido nos mencionados artigos.”

**2. O artigo 4 queda redactado como segue:**

“Artigo 4º.- Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a. Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:
  - I. Asistencia para levantarse e deitarse.
  - II. Apoio no coidade e hixiene persoal, así como para vestirse.
  - III. Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
  - IV. Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
  - V. Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.



- VI. Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
  - VII. Outras tarefas para favorecer a atención integral da persoa usuaria.
    - b. Acompañamento persoal na realización doutras actividades complementarias:
      - I. Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
      - II. Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes de carácter administrativo , xudicial ou similares.
    - c. Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:
      - I. Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
      - II. Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
      - III. Preparación dos alimentos.
      - IV. Lavado e coidado das prendas de vestir.
      - V. Apoio á unidade familiar.
      - VI. Coidados básicos da vivenda.  
Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandaría ou alimentación a domicilio.
    - d. Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.
2. Con carácter complementario, o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:
- a. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
  - b. Servizo de préstamo de axudas técnicas para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Para estes efectos enténdese por axuda técnica calquera produto, dispositivo, equipamento, instrumento, tecnoloxía ou software, fabricado especialmente ou dspoñible no mercado, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas.

- c. Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- d. Adaptacións funcionais do fogar.
- e. Servizo de podoloxía.
- f. Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e calidade de vida.

4. En todo caso, as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

- 5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo:
  - a. A realización de actividades domésticas, que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
  - b. Actuacións, que polo seu carácter sanitaria, deban en todo caso, ser realizadas por persoal facultativo.

**3. O artigo 11 queda redactado como segue:**

“Artigo 11º.- Requisitos específicos

- 1. Existirá un profesional de referencia que actuará como coordinador/a do servizo que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exixible será de 0,02 profesionais en cómputo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Número de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa

200 a 399	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia ou equivalente, regulado no Real Decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.
3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimestral. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.
4. O Concello O Barco, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
  - a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
  - b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo anexo III desta ordenanza.
  - c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de O Barco e a persoa usuaria, segundo o Anexo V desta ordenanza.
  - d. Informes de seguimento periódicos, que terán un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes, realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.”

**4. Os apartados 5 e 9 do artigo 13 quedan redactados como segue:**

“5. O persoal técnico elaborará un proxecto de intervención, segundo anexo III desta ordenanza, que deberá conter: días da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, e o seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimestral”

“9. O departamento de servizos sociais do Concello abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que presta o servizo, no cal constará, cando menos:

- Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- Un acordo de servizo asinado entre o concello de O Barco e a persoa usuaria.
- Informes de seguimento da prestación nos domicilios das persoas usuarias, que terán, como mínimo, un carácter bimestral, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.”

**5. O apartado 1. do artigo 15 queda redactado como segue:**

“1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito recoñecido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase de acordo coas normas contidas no capítulo II do título III do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, observándose as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.”

**6. O artigo 17 queda redactado como segue:**

“Artigo 17º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con dereito de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

% IPREM	Grao I	Grao II	Grao III
Ata	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

4.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, poderá exceder o 90% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

5.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a

seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado.

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

## 7. O artigo 22 queda redactado como segue:

“Artigo 22º. -Nacemento da obriga de pago

A obriga de pagar os prezos públicos regulados neste acordo regulador, nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas seguintes normas de xestión:

1. Os prezos públicos contemplados nesta ordenanza satisfaranse con carácter posterior á prestación do servizo e con carácter específico, durante os primeiros vinte días do mes seguinte do mes seguinte.
2. Por parte do concello e, sobre a base do parte de traballo asinado, conxuntamente pola persoa usuaria e polo persoal de atención directa, elaborárase un recibo individual có importe correspondente ao servizo

prestado no mes anterior, que se remitirá á entidade bancaria elixida pola persoa beneficiaria, para que se efectúe o pagamento.

**2º Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición de anuncio do presente acordo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas.**

**3º Considerar definitivamente adoptado o acordo, no suposto de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.**

## **2 Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Moldes Gómez quen, unha vez concedida, pregunta si se van a volver a colocar os bancos que había na isleta preto do Colexio Divina Pastora.

Contéstalle o sr Alcalde que si, que se van a colocar bancos novos, que ían como melloras os bancos, bolardos e pintura, que tamén vai un valo que enlaza o actual que hai pola avenida do Bierzo, continuando ata o paso de peóns da propia isleta, para que haxa unha seguridade total para os nenos nesa zona, non podendo cruzar máis que por un paso de peóns ou por outro. Di o Alcalde que estase a estudar polos técnicos municipais e a policía municipal como vai quedar a zona, mantendo o triángulo como rotonda e nas entradas e saídas do colexio a opción é colocar unha valla para que non entren os vehículos alí.

Pide a palabra a sra Rodríguez Vázquez quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo e é que fai un ano que non se revisa a pasarela que vai aos xardíns de Viloira e os cans nestes días con tanta humidade non pasaban por ela pois dáballa corrente, polo que pide que a revisen.

Di o sr Alcalde que esa pasarela revisouse durante meses, pois había unha señora que chamaba continuamente por culpa de que o seu can non pasaba porque lle daba corrente. Di que polos encargados do alumeado se fixeron probas a todas horas e ó final, revisando todos os cables atopouse o problema e era que había un cable que facía masa e iso corrixiuse e dende aquela, fai case un ano, non se recibiron máis queixas. Di o Alcalde que si iso volve a pasar agora poñerao en coñecemento do electricista para que volva a revisar os cables. Di que moitas veces xorden avarías que son

difíciles de atopar, como pasou no Malecón que se estivo máis de catro meses para localizar unha avaría que cando se ía pola mañá a localizala non se atopaba, ata que ó final estaba nunha arqueta, e di que precisamente mañá vaise a resolver outro problema nas farolas da rúa principal que habíase resolto polos electricistas provisionalmente e teñen que rematalo, por iso a partir de mañá van a ir facendo catas para poder localizar a avaría. Di que ás veces son avarías que levan moito tempo atopalas pero que o obxectivo dos electricistas é poñer todos os cadros novos con todo tipo de proteccións para evitar todo tipo de accidentes, aínda que ó mellor nalgún sitio vai xerar algún problema como que salte a luz continuamente. Remata dicindo o sr Alcalde que lle dirá ao electricista que revise a pasarela para ver si a avaría está no mesmo sitio ou noutro parecido.

### **3 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 530/14 ata o nº 565/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 28 de agosto e 4, 11 e 18 de setembro de 2014.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 413/14 ata o nº 529/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño, 2 e 10 de xullo e 7, 14 e 21 de agosto de 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 19:40 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario acctal, dou fe.

O secretario acctal

O alcalde

José De Lis Santos-Ascarza

Alfredo L. García Rodríguez